

ORGANIZA:

Consello Galego de Relacións Laborais

Escola Universitaria de RRLL de Lugo

Colexio de Graduados Sociais de Lugo

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e avogados/as
- Alumnado da Escola de Relacións Laborais
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

INSCRICIÓNS:

Faranse por orde de solicitude, dende o 17 ata o 27 de outubro de 2025 a través do enderezo electrónico formacion.cgrrl@xunta.gal

ASISTENCIA:

Acreditarase a asistencia á xornada



XORNADAS 2025

TRABALLO E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

28 de outubro de 2025

Escola Universitaria de Relacións Laborais
Avda. Filarmónica Lucense s/n - Lugo



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



ESCOLA UNIVERSITARIA
DE RELACIÓNS
LABORAIS (LUGO)



TRABALLO E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

9:45 INAUGURACIÓN

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións
Laborais

Mercedes Montes Rodríguez
Directora da Escola Universitaria de Relacións
Laborais de Lugo, Universidade de Santiago de
Compostela

Manuel Núñez Carreira
Presidente do Colexio Oficial de Graduados
Sociais de Lugo

10:00 A ACTUACIÓN DA ITSS ANTE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS

Nicolás González Raposo
Xefe da Inspección provincial de Traballo e
Seguridade Social de Lugo

10:45 DEREITO DO TRABALLO E MEDIO AMBIENTE

Paula Ventosa Bermúdez
Maxistrada-Xuíza do Xulgado do Social núm. 3 de
Santiago de Compostela

11:30 PAUSA – CAFÉ

12:00 MESA DE AXENTES SOCIAIS

Interveñen representantes da: CIG, UGT-Galicia, SN de
CCOO de Galicia e da CEG

12:45 AS ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

José Antonio Grandas Arias
Subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

13:30 CLAUSURA

• • • • • • •

DIRECCIÓN DA XORNADA

.Antía Sández Callejo, Presidenta do Consello
Galego de Relacións Laborais

.Mercedes Montes Rodríguez, Directora da Escola
Universitaria de Relacións Laborais de Lugo

.Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio
Oficial de Graduados Sociais de Lugo

O 29 de novembro de 2024, o BOE publicou o Real Decreto-lei 8/2024, que recolle toda unha serie de medidas en materia laboral e de prevención de riscos, introducindo un permiso retribuído de ata catro días por fenómenos meteorolóxicos. Este permiso responde aos eventos climáticos severos e busca garantir a seguridade dos traballadores ante risco climático.

A normativa ten a súa orixe nos danos causados pola recente DANA, que afectou a diversos municipios entre o 28 de outubro e o 4 de novembro de 2024. Nun contexto de cambio climático, esta medida representa unha resposta lexislativa urxente para protexer a integridade física dos traballadores fronte a riscos inminentes.

Ademais da modificación do artigo 37, a Real Decreto-lei introduce cambios no artigo 47. 6 do Estatuto dos Traballadores para facilitar a tramitación de ERTE por forza maior en casos onde persista a imposibilidade de traballar presencialmente tras os catro días iniciais do permiso.

A representación legal das persoas traballadoras conta, a partir de agora, cun novo dereito de información das medidas de actuación previstas con motivo da activación de alertas por catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos e, no seu caso, poderán parar a actividade. Este mecanismo busca garantir que as decisións da empresa sexan acordes coas normativas de seguridade e saúde laboral.

Tamén establece a obrigatoriedade de que os convenios inclúan un protocolo de actuación que recollan medidas de prevención de riscos especificamente referidas á actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos.

Nesta sesión de estudo abordaremos en profundidade os aspectos máis actuais do traballo e o cambio climático de xeito transversal, incluíndo os permisos retribuídos e a prevención de riscos laborais, pero dotando a este análise dun punto de vista técnico que nos permita avaliar os diferentes fenómenos meteorolóxicos susceptibles de producir riscos na nosa comunidade autónoma así como coñecer os diferentes niveis de alerta. Para iso, contaremos coa participación activa de representantes sindicais e empresariais que serán auténticos protagonistas na elaboración dos protocolos de actuacións que recollan medidas de prevención de riscos especificamente referidas á actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos e que se integrarán na negociación colectiva, así mesmo contaremos coa Xudicatura e coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, recoñecendo- por tanto- a diversidade de perspectivas e a necesidade de colaboración para abordar os desafíos que enfrotaamos.

Ao longo desta xornada, exploraremos as tendencias actuais, revisaremos as lexislacións vixentes e, o máis importante, fomentaremos o diálogo aberto para construír solucións que benefician a todos os involucrados.